

“Bal y Gay, compositor sinfónico”

19:00 h Acolida dos asistentes.
Apertura a cargo do Conselleiro de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Vázquez
Abad, e do director de orquestra José Luis Temes,
que presentarán o disco **Jesús Bal y Gay. Obra
sinfónica completa** (Verso, 2012).

19:10 h Proxección do documental de Manuel Lombao **Bal y
Gay, a ventá ignorada** (RTVE, 2006) [extracto].

19:30 h **O proceso de recuperación, estudo e gravación
da obra sinfónica completa de Bal y Gay.**

Presenta:

Carlos Villanueva.

Interveñen:

Joám Trillo e José Luis Temes.

Coloquio cos participantes.



Bal y Gay, compositor sinfónico

Bal y Gay representa unha das principais voces da creación musical galega de todos os tempos. A súa renovación da composición e da investigación, a súa contribución á posta en valor da nosa tradición musical e súa concepción rigorosa e honesta do labor creativo fan do músico lugués, prolífico no exilio mexicano, unha figura de referencia dentro e fóra de Galicia.

Malia a beleza e personalidade da súa obra, Bal y Gay segue a ser aínda un autor musical por descubrir. Nos últimos anos producíronse valiosas achegas, particularmente no contexto do centenario do seu nacemento en 2005, que permitiron afondar na súa vida e na súa obra.

A gravación que hoxe se presenta na Cidade da Cultura de Galicia constitúe unha iniciativa pioneira: o rexistro, por vez primeira, da obra sinfónica completa de Bal y Gay, da man do investigador e director de orquestra José Luis Temes, Premio Nacional de Música, dentro da súa amplísima traxectoria musical de recuperación e difusión do repertorio de compositores das diferentes partes de España. Coproducida pola Orquesta de Córdoba e editada no selo Verso coa

colaboración da Xunta de Galicia, a obra integral para orquestra de Bal y Gay, tecla galega na xeración musical do 27, cobra vida grazas á mestría deste conxunto orquestral, baixo a batuta de Temes, nunha xenerosa contribución á difusión fóra das nosas fronteiras dun dos máis destacados creadores galegos.

No formato audiovisual, o documental de Manuel Lombao que hoxe se proxecta parcialmente en versión en galego (*Bal y Gay, a ventá ignorada*, RTVE, 2006) achegaranos nesta sesión un feixe de luz sobre a súa figura, na que afondarán posteriormente os mestres José Luis Temes e Joám Trillo, moderados polo profesor Carlos Villanueva.

Coa organización desta sinfonía de voces arredor da obra para orquestra de Bal, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Cidade da Cultura de Galicia, ademais de presentar esta *Obra sinfónica completa* da man do director do proxecto, pretenden contribuír tamén a un maior coñecemento de Bal y Gay, así como á posta en valor do traballo de recuperación e interpretación dos repertorios dos nosos referentes na arte da música.



galicia

“Bal y Gay compuxo pouco pero impecablemente. Dixo o que quería dicir e nada máis ca o que quería dicir. Pouco máis de dúas horas de música fóronlle abondas para dotar a Galicia dunha voz propia entre as mellores músicas daquela xeración.”

José Luis Temes

